

Decreto /2016 polo que se crea a Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo da Universidade de Vigo

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31º, establece como competencia plena da Comunidade Autónoma de Galicia a regulación e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias.

O Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, en harmonía co disposto no artigo 31 do Estatuto de Autonomía de Galicia, dispón que lle corresponden a esta consellería as competencias e funcións en materia de planificación, regulación e administración do ensino regrado en toda a súa extensión, niveis, graos, modalidades e especialidades, así como a coordinación do sistema universitario.

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades e o Decreto 259/1994, do 29 de xullo, polo que se establece o procedemento para a creación e recoñecemento de universidades, centros universitarios e autorización de estudos na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, no seu artigo 17 establece o procedemento para a creación e recoñecemento de universidades, centros universitarios e autorización de estudos na Comunidade Autónoma de

Galicia, ben por propia iniciativa, co acordo do Consello de Goberno da Universidade, ben por iniciativa da universidade, mediante proposta do seu Consello de Goberno, en ambos os casos co informe favorable do seu Consello Social. A Universidade de Vigo na sesión ordinaria do Consello de Goberno do 17 de xullo de 2015 aprobou a creación da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo e o Pleno do Consello Social da citada universidade reunido o 23 de xullo de 2015 informou favorablemente a creación da citada escola.

En uso das atribucións conferidas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, por proposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, co informe preceptivo do Consello Galego de Universidades e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do de dous mil dezaseis

DISPOÑO:

Artigo único. Creación da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo da Universidade de Vigo.

Autorízase a creación da Escola de Enxeñaría Aeronáutica e do Espazo da Universidade de Vigo, para a impartición do título universitario oficial de Grao en Enxeñaría Aeroespacial.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento normativo*

Autorízase a persoa titular da consellería competente en materia universitaria para

ditar cantas disposicións sexan necesarias para a aplicación e desenvolvemento deste decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela a --- de ----- de dous mil dezaseis

Alberto Núñez Feijóo

Presidente

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria